

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

<b>EXPEDIENTE:</b>	2023013494 (CSX_A/23)
<b>ASUNTO:</b>	AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA SOCIAL 2023
<b>TRÁMITE:</b>	RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN CONCELLO DE AGOLADA

BEB/acc

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO:**

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24/01/2023 aprobáronse as bases reguladoras das Axudas Básicas de Emerxencia nos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2023 e foron publicadas no BOPPO núm. 38 do 23 de febreiro de 2023. Estas axudas xorden co obxectivo de lles proporcionar aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poderen atender as demandas de urxente e puntual necesidade das veciñas e veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo.

Na base décimo terceira da convocatoria contemplase a posibilidade de solicitar o pago anticipado do 50% da contía que se adxudique.

2º.- Con data 24 de febreiro de 2023 e número de rexistro WEB2023011369 o Concello de Agolada presenta a súa solicitude, polas cantidades que se indican:

GASTO CORRENTE	INVESTIMENTO
4.500,00 €	4.000,00 €



3º.- Unha vez revisada a solicitude e comprobado que reúne todos os requisitos exixidos na convocatoria, a proposta do servizo de Cohesión social e Xuventude, con data 24 de maio de 2023, Intervención informa favorablemente o expediente, facendo constar que: "(...) Nas aplicacións 23/231.2313.462.00 e 23/231.2311.762.00 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto, emitíndose documento RC núm. 202300104398 e RC núm. 202300104397, respectivamente.

De acordo co exposto, e de conformidade co establecido nas Bases Reguladoras desta convocatoria, **RESOLVO:**

Conceder ao Concello de Agolada, ao amparo da convocatoria e bases reguladoras das Axudas Básicas de Emerxencia para o exercicio 2023, un importe de 4.500,00 € en concepto de gasto corrente e 4.000,00 € en concepto de gasto de investimento que se imputarán aplicacións 23/231.2313.462.00 e 23/231.2311.762.00 respectivamente do orzamento provincial de este exercicio.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

